

Artigo 4. Resarcimento ós damnificados acollidos ó Real decreto lei 4/1993 e cancelación de xuros de préstamos concedidos polo Instituto de Crédito Oficial.

1. Os damnificados que foron resarcidos ó abeiro do Real decreto lei 4/1993, en contía inferior ó importe máximo resarcible, serán compensados pola diferenza entre o efectivamente percibido e a contía do citado importe máximo resarcible. A liquidación correspondente levarase a cabo mediante a aplicación do disposto no Real decreto lei 10/1995.

Esta compensación só poderán percibila aqueles damnificados cun importe máximo resarcible inferior a 10.000.000 de pesetas.

2. Autorízase o delegado do Goberno na Comunidade Valenciana para subscribir convenios de colaboración coas asociacións de damnificados máis representativas para a xestión do pagamento das compensacións.

3. Autorízase a Dirección Xeral de Protección Civil para que faga efectivo ó Instituto de Crédito Oficial a parte de xuros correspondentes ós préstamos cancelados ou reducidos en aplicación das normas establecidas nos Reais decretos leis 4/1993 e 10/1995 e que se devengaron durante o período de tramitación dos expedientes de transacción xestionados pola Delegación do Goberno na Comunidade Valenciana.

4. O pagamento das compensacións recollidas nos puntos anteriores efectuarase con cargo ó remanente dos créditos habilitados polos Reais decretos leis 4/1993 e 10/1995.

Disposición final única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de xullo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

15683 LEI 29/1999, do 16 de xullo, de modificación da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal. («BOE» 170, do 17-7-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 14/1994, do 1 de xuño, regulou por primeira vez no noso ordenamento xurídico a actividade das empresas de traballo temporal, a actividade das cales consiste en pór traballadores á disposición das empresas usuarias co fin de satisfacer necesidades temporais destas. O obxectivo desta norma foi homologa-la regulación destas institucións coas xa existentes nalgúns países da Unión Europea, así como garanti-lo mantemento dos dereitos laborais e a protección social dos traballadores contratados para seren cedidos por parte das empresas de traballo temporal.

Esta especial situación da empresa usuaria respecto ó traballador contratado por unha empresa de traballo temporal regúlase tamén na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que incorpora ó noso ordenamento, entre outras, a Directiva 91/383/CEE relativa a medidas tendentes a promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo dos traballadores cunha relación laboral de duración determinada ou de empresas de traballo temporal. Nesta norma establécese que a empresa usuaria será responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e a saúde dos traballadores e das obrigas de información en materia de riscos laborais.

Como consecuencia dos compromisos alcanzados no «Acordo interconfederal para a estabilidade no emprego», propúxoselle ó Goberno a modificación da regulación contida no artigo 17 da Lei 14/1994, proposta esta que foi recollida polo Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio. Como dereitos dos traballadores na empresa usuaria regúlase a atribución da representación dos traballadores en misións ós representantes dos traballadores da empresa usuaria, para efectos de formular calquera reclamación en relación coas condicións de execución da actividade laboral, en todo aquilo que atinxe á prestación de servizos dos traballadores da empresa de traballo temporal.

Non obstante o anterior, e transcorridos máis de tres anos desde a regulación das empresas de traballo temporal no noso país, estas incrementaron notablemente a súa actividade á vez que os dereitos laborais e a protección social dos traballadores foron diminuindo. Segundo o Consello Económico e Social, o elevado grao de aceptación da contratación a través desta vía, deriva non só do feito de ser un medio máis flexible de contratación, senón tamén dos menores custos salariais que implican a contratación de traballadores de empresas de traballo temporal, sendo este o principal incentivo para a súa utilización. Así pois, o recurso á contratación dos traballadores de empresas de traballo temporal non só constitúe un medio para atender necesidades temporais da empresa usuaria, senón que ademais se constituíu nun medio de reduci-los custos salariais.

Os traballadores contratados para ser cedidos ás empresas usuarias non só sufriron as consecuencias dunha elevada precariedade laboral, derivada do carácter temporal que este tipo de contratación supón e da prestación de servizos en distintas empresas por períodos curtos, senón que ademais os seus salarios están moi por baixo dos salarios recoñecidos ós traballadores da empresa usuaria que efectúan os mesmos traballos ou traballos de igual valor, ó les seren de aplicación distintas normas pactadas.

Por isto, esta iniciativa legislativa leva a cabo unha reforma da Lei 14/1994, do 1 de xuño, de empresas de traballo temporal, introducindo modificacións nos seus artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 19 e 20, co fin de garantirle ó traballador deste tipo de empresas unha maior seguridade xurídica na súa relación laboral coa empresa usuaria. En especial, hai que destaca-la modificación do artigo 11 da Lei 14/1994, que lle asegura ó traballador que presta os seus servizos a través dunha empresa de traballo temporal unha retribución polo menos igual cá do traballador da empresa usuaria, sen prexuízo de que por convenio colectivo das empresas de traballo temporal se establecesen retribucións superiores; neste caso serían aplicables estas últimas.

Unha vez rematado o proceso de converxencia salarial dos traballadores contratados polas empresas de traballo temporal para ser cedidos a outras empresas, deberán impulsarse, preferentemente a través da negociación

colectiva, aquelas medidas que posibiliten un aumento da estabilidade no emprego dos traballadores das empresas de traballo temporal, tanto os de carácter estrutural como dos contratados para prestar servicios en empresas usuarias.

Artigo único.

Os artigos da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, que se relacionan a seguir, quedan modificados nos termos seguintes:

Un. Incorpóranse un segundo e terceiro parágrafos ó punto 1 do artigo 2, coa seguinte redacción:

«Para efectos de apreciación do cumprimento do requisito relativo á estrutura organizativa, valoráranse a adecuación e suficiencia dos elementos da empresa para desenvolver a actividade proposta como obxecto dela, particularmente no que se refire á selección dos traballadores, á súa formación e ás restantes obrigas laborais. Para esta valoración teranse en conta factores tales como a dimensión, equipamento e réxime de titularidade dos centros de traballo; o número, a dedicación, cualificación profesional e estabilidade no emprego dos traballadores contratados para prestar servicios baixo a dirección da empresa de traballo temporal; e, o sistema organizativo e os procesos tecnolóxicos utilizados para a selección e formación dos traballadores contratados para a súa posta á disposición en empresas usuarias.

En todo caso, a empresa de traballo temporal deberá contar cun número mínimo de doce traballadores contratados para prestar servicios baixo a súa dirección con contratos estables ou de duración indefinida, a tempo completo ou parcial, por cada mil traballadores ou fracción contratados no ano inmediatamente anterior, computados tendo en conta o número de días totais de posta á disposición do conxunto dos traballadores cedidos, dividido por trescentos sesenta e cinco. Este requisito mínimo deberá acreditarse para a concesión da primeira prórroga anual, e manterse no sucesivo adaptándose anualmente á evolución do número de contratos xestionados.»

Dous. Incorpórase un terceiro parágrafo ó punto 4 do artigo 2, coa seguinte redacción:

«Nos expedientes de primeira autorización e prórroga, a autoridade laboral solicitará con carácter preceptivo e non vinculante informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.»

Tres. Incorpórase un novo punto 5 ó artigo 2, coa seguinte redacción:

«5. A empresa de traballo temporal estará obrigada a manter unha estrutura organizativa que responda ás características que se valoraron para conceder a autorización. Se como consecuencia da vixilancia do cumprimento da normativa laboral a autoridade laboral que concedeu a autorización apreciase o incumprimento desta obriga, procederá a iniciar de oficio o oportuno procedemento de extinción total ou parcial da autorización.

A apertura deste procedemento notificaráselle á empresa de traballo temporal, co fin de que poida efectuar as alegacións que considere oportunas, e solicitarase informe preceptivo e non vinculante da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e infor-

me dos representantes dos traballadores da empresa de traballo temporal.

Se no expediente quedase acreditado o incumprimento da obriga de mantemento da estrutura organizativa da empresa, a resolución declarará a extinción total ou parcial da autorización, especificando as carencias ou deficiencias que a xustifican e o ámbito territorial afectado. A continuación da actividade da empresa requirirá dunha nova autorización.»

Catro. O artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Obrigas de información á autoridade laboral.*

1. A empresa de traballo temporal deberá remitirle á autoridade laboral que concedese a autorización administrativa unha relación dos contratos de posta á disposición subscritos, nos termos que regulamentariamente se establezan. Esta relación será remitida pola autoridade laboral ós órganos de participación institucional ós que se refire a letra b) do punto 3 do artigo 8 do Estatuto dos traballadores, resultando igualmente de aplicación o disposto nel en materia de sivilo profesional.

2. Igualmente, a empresa de traballo temporal deberá informar a esta autoridade laboral sobre todo cambio de titularidade, apertura e peche de centros de traballo e cesamentos da actividade.

3. Se o lugar de execución do contrato de traballo, ou da orde de servizo, de se-lo caso, estivese situado nun territorio non incluído no ámbito xeográfico de actuación autorizado da empresa de traballo temporal, esta deberá notificarlle á autoridade laboral do dito territorio a prestación destes servicios, con carácter previo ó seu inicio, xuntando unha copia do contrato de traballo e da súa autorización administrativa.»

Cinco. O punto 2 do artigo 6 queda redactado da seguinte forma:

«2. Poderán subscribirse contratos de posta á disposición entre unha empresa de traballo temporal e unha empresa usuaria nos mesmos supostos e baixo as mesmas condicións e requisitos en que a empresa usuaria podería subscribir un contrato de duración determinada conforme o disposto no artigo 15 do Estatuto dos traballadores.»

Seis. O punto 1 do artigo 7 queda redactado da seguinte forma:

«1. En materia de duración do contrato de posta á disposición, aplicarase o disposto no artigo 15 do Estatuto dos traballadores e nas súas disposicións de desenvolvemento para a modalidade de contratación correspondente ó suposto do contrato de posta á disposición, sen prexuízo do disposto no artigo 12.3 desta lei en canto ós eventuais períodos de formación previos á prestación efectiva de servicios.»

Sete. A letra c) do artigo 8 queda redactada da seguinte forma:

«c) Cando nos doce meses inmediatamente anteriores á contratación a empresa amortízase os postos de traballo que se pretendan cubrir por despidimento improcedente ou polas causas previstas nos artigos 50, 51 e 52, letra c), do Estatuto dos traballadores, agás nos supostos de forza maior, ou cando nos dezaioito meses anteriores a esta con-

tratación os citados postos de traballo estivesen cubertos durante un período de tempo superior a trece meses e medio, de forma continua ou descontinua, por traballadores postos á disposición por empresas de traballo temporal.»

Oito. O artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Información ós representantes dos traballadores na empresa.*

A empresa usuaria deberá informa-los representantes dos traballadores sobre cada contrato de posta á disposición e motivo de utilización, dentro dos dez días seguintes á subscrición. No mesmo prazo deberá entregarlles unha copia básica do contrato de traballo ou da orde de servizo, se é o caso, do traballador posto á disposición, que lle deberá facilita-la empresa de traballo temporal.»

Novo. O artigo 11 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 11. *Dereitos dos traballadores.*

1. Os traballadores contratados para seren cedidos a empresas usuarias terán dereito durante os períodos de prestación de servizos nelas a percibir, como mínimo, a retribución total establecida para o posto de traballo que van desenvolver no convenio colectivo aplicable á empresa usuaria, calculada por unidade de tempo. Esta remuneración deberá incluír, se é o caso, a parte proporcional correspondente ó descanso semanal, as pagas extraordinarias, os festivos e as vacacións, sendo responsabilidade da empresa usuaria a cuantificación das percepcións finais do traballador. Para tal efecto, a empresa usuaria deberá consignar este salario no contrato de posta á disposición do traballador.

2. Sen prexuízo do establecido no Estatuto dos traballadores, cando o contrato se concertase por tempo determinado o traballador terá dereito, ademais, a recibir unha indemnización económica ó remate do contrato de posta á disposición equivalente á parte proporcional da cantidade que resultaría de aboar doce días de salario por cada ano de servizo.»

Dez. Dáse nova redacción ó punto 2 do artigo 12, incorporando dous novos puntos 3 e 4 ó dito artigo, todo iso coa seguinte redacción:

«2. As empresas de traballo temporal estarán obrigadas a destinar anualmente o 1 por 100 da masa salarial á formación dos traballadores contratados para seren cedidos a empresas usuarias, sen prexuízo da obriga legal de cotizaren por formación profesional.

3. A empresa de traballo temporal deberá asegurarse de que o traballador, previamente á súa posta á disposición da empresa usuaria, posúe a formación teórica e práctica en materia de prevención de riscos laborais necesaria para o posto de traballo que vai desempeñar, tendo en conta a súa cualificación e experiencia profesional e os riscos ós que vaia estar exposto. En caso contrario, deberá facilitarlle esta información ó traballador, con medios propios ou concertados, e durante o tempo necesario, que formará parte da duración do contrato de posta á disposición, pero será en todo caso previo á prestación efectiva dos servizos. Para tal efecto, a subscrición dun contrato de posta á disposición só será posible para a cobertura dun posto de traballo respecto do que se realizase previamente a preceptiva avaliación de riscos laborais, con-

forme o disposto nos artigos 15.1.b) e 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

O gasto de formación en materia preventiva será computado para efectos do disposto no punto 2 anterior, pero o montante establecido no dito punto non constitúe en ningún caso un límite ás necesidades de formación en materia preventiva.

4. Será nula toda cláusula do contrato de traballo que obrigue o traballador a pagarlle á empresa de traballo temporal calquera cantidade a título de gasto de selección, formación ou contratación.»

Once. Engádese unha nova letra c) ó punto 1 do artigo 19, coa seguinte redacción:

«c) Non entregarlle á empresa usuaria a copia básica do contrato de traballo ou a orde de servizo dos traballadores postos á súa disposición, así como a restante documentación que estea obrigada a subministrarlle.»

Doce. Modifícanse as letras c) e d) do punto 2 do artigo 19 e engádese unha nova letra f) a ese punto, que quedan redactadas da forma seguinte:

«c) Formalizar contratos de posta á disposición para supostos distintos dos previstos no punto 2 do artigo 6 desta lei ou para a cobertura de postos de traballo respecto dos que non se realizase previamente a preceptiva avaliación de riscos.

d) Non destinar á formación dos traballadores as cantidades a que se refire o artigo 12.2 desta lei.»

«f) A posta á disposición de traballadores en ámbitos xeográficos para os que non se ten autorización administrativa de actuación, agás o previsto no punto 3 do artigo 5 desta lei.»

Trece. A letra c) do punto 3 do artigo 19 queda redactada da forma seguinte:

«c) Non dedicarse exclusivamente á actividade constitutiva da empresa de traballo temporal.»

Catorce. Engádese unha letra b) ó punto 1 do artigo 20, que queda redactada da forma seguinte:

«b) Non facilita-los datos relativos á retribución total establecida no convenio colectivo aplicable para o posto de traballo en cuestión, para efectos da súa consignación no contrato de posta á disposición.»

Quince. Modifícanse as letras b) e e), do punto 2 do artigo 20, que quedan redactadas da forma seguinte:

«b) Formalizar contratos de posta á disposición para supostos distintos dos previstos no punto 2 do artigo 6 desta lei ou para a cobertura de postos de traballo respecto dos que non se realizase previamente a preceptiva avaliación de riscos.»

«e) Formalizar contratos de posta á disposición para a cobertura de postos ou funcións que, nos doce meses anteriores, fosen obxecto de amortización por despedimento improcedente, despedimento colectivo ou por causas obxectivas, ou para a cobertura de postos que nos dezaioito meses anteriores estivesen xa cubertos por máis de trece meses e medio, de forma continua ou descontinua, por traballadores postos á disposición por empresas de traballo temporal, entendéndose en ámbolos casos que se cometeu unha infracción por cada traballador afectado.»

Disposición transitoria única.

As empresas de traballo temporal que na data de entrada en vigor desta norma fosen xa autorizadas administrativamente para o desenvolvemento da súa actividade con carácter definitivo deberán acreditar perante a autoridade laboral que concedeu a autorización, nun prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o cumprimento do requisito establecido no terceiro parágrafo do punto 1 do artigo 2, na redacción dada por esta norma.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición final primeira.

Facúltase o Goberno para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición final segunda.

Esta lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de xullo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

16744 *CORRECCIÓN de erros da Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e outras medidas para o desenvolvemento do Goberno local, en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial e en materia de augas. («BOE» 184, do 3-8-1999.)*

Advertidas erratas no texto da Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril,

reguladora das bases do réxime local, e outras medidas para o desenvolvemento do Goberno local, en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial e en materia de augas, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 6 en lingua galega, do 7 de maio de 1999, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 396, segunda columna, na segunda liña do décimo parágrafo do punto II, onde di: «... contra os actos das entidades...»; debe dicir: «... contra os actos e acordos das entidades...».

No décimo primeiro parágrafo, cuarta liña, onde di: «... nos planos xerais das obras...»; debe dicir: «... nos plans xerais das obras...». E, no parágrafo décimo cuarto, segunda liña, onde di: «... as licencias e autorizacións...»; debe dicir: «... as licencias ou autorizacións...».

Na páxina 397, segunda columna, artigo 20, punto 1, alínea b), cuarta liña, onde di: «... orgánico e así o acorde...»; debe dicir: «... orgánico ou así o acorde...».

Na páxina 397, segunda columna, artigo 21, punto 1, alínea f), sexta liña, e na páxina 401, segunda columna, alínea g), sexta liña, onde di: «... Lei 39/1998, ...»; debe dicir: «... Lei 39/1988, ...».

Na páxina 397, segunda columna, artigo 21, punto 1, alínea f), décima liña, onde di: «...que lle corresponderá cando...»; debe dicir: «... que lle corresponderán cando...».

16745 *CORRECCIÓN de erros da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas. («BOE» 184, do 3-8-1999.)*

Advertidos erros no texto da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 7 en lingua galega, do 31 de maio de 1999, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 473, segunda columna, artigo 117, punto 2, última liña, onde di: «... no número 3 do artigo 16...»; debe dicir: «... no número 4 do artigo 16...».

Na páxina 495, primeira columna, disposición derradeira oitava, terceira liña, onde di: «... desta lei, ó abeiro...»; debe dicir: «... desta lei, ademais, ó abeiro...».